

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 10/12/2018 13:15:35

SAIDA 15643/18

D. Miguel A Delgado González

(Plataforma en Defensa del Sector Marítimo
Pesquero de Galicia — PLADESCEMAPESGA)
R/Juan Castro Mosquera nº28, 2º dereita
15 005 A CORUÑA

Reclamante: Miguel A. Delgado González en nome e representación de PLADESCEMAPESGA

Expediente. Nº **RSCTG 109/2018**

Correo electrónico: prensa@pladesemapesga.com

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por Miguel A. Delgado González en nome e representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESCEMAPESGA), mediante escrito do 12 de setembro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. Miguel A. Delgado González en nome e representación de Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESCEMAPESGA), mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo do 12 de setembro de 2018, presentou reclamación contra a denegación por silencio administrativo da súa solicitude de información á Consellería do Mar, de información, memorias, datos, auditorías e certificacións da Campaña "Pesca de Rías onde si non " xestionada pola Xefa de Prensa da referida Consellería, e concretamente os pagos destinados á web www.riasbaixas.com desde os anos 2009 ata o día da súa solicitude ou calquera outro que se poida relacionar, e en concreto:

1.- Informes, convenios ou contratos, subvencións, de calquera tipo e de carácter público cuxa xestión sexa ou fose competencia da Xefa de Prensa da Consellería que deben constar por lei nos rexistros públicos da Consellería cuxos destinatarios estean relacionados cos medios de comunicación das Rías Baixas.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais a reclamación presentada por Miguel A. González Delgado en nome e representación de Pladesemapesga, contra a denegación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información referente aos convenios da Campaña "Pesca de rías de Onde se non".

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia


Comisión da
transparencia
de Galicia

Milagros Otero Parga